

28 Diciembre de 2015 - Revista 1053

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 4

BOLSAS E AXUDAS / 4

NOVAS DE EMPREGO / 5

EN PORTADA

## A Xunta de Galicia achega información a preto de 500 estudantes a través do programa Correspondentes Xuvenís 3.0

Martes, 22 Decembro 2015 23:52

• Os correspondentes son alumnos da ESO, Bacharelato ou ciclos medios e superiores que ofrecen datos de interese aos seus compañeiros.

Un total de **476 mozos e mozas** están a participar este curso no programa **Correspondentes Xuvenís 3.0**, promovido pola Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Esta iniciativa de educación non formal ten como principal obxectivo difundir información xuvenil entre os estudantes dos institutos de secundaria, fomentando así a súa participación, á vez que o correspondente adquire valores como a solidariedade, o liderado e habilidades comunicativas e sociais.

O **programa Correspondentes xuvenís 3.0** está presente en **67 centros da Comunidade Galega**, dos que 63 son institutos de secundaria, 3 residencias xuvenís (Lug, Florentino Cuevillas e Altamar) e o *Centro Residencial Docente de Vigo*. Dita iniciativa experimentou un aumento de participación con respecto aos datos do curso pasado, na que se implicaran 383 alumnos dun total de 62 centros educativos.

Os alumnos Correspondentes reciben información de xeito periódico, así como un boletín informativo semanal e outro material de interese que se elabora no Centro coordinador de información xuvenil, da *dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*. Dita publicación, contén todos aqueles temas que poden ser de interese para os mozos e mozas como bolsas e axudas, ofertas de traballo, recursos e dirección de interese, aloxamentos xuvenís ou ocio e tempo libre.

Unha vez recollida a información, o Correspondente difunde a mesma entre os seus compañeiros a través de diferentes medios como taboleiros no propio centro educativo, blogs ou redes sociais.

Os correspondentes son “mediadores” de información xuvenil entre iguais, o que redonda nunha mellor acollida por parte dos compañeiros, ao sentirse máis identificados coa temática cando non é un adulto quen o informa. Poden ser responsables todos e todas alumnas do segundo ciclo da ESO, bacharelato ou ciclos medios e superiores de formación profesional que, mediante unha formación previa e apoiados polo profesorado participante, se encargan de informar aos demais compañeiros.

**Correspondentes xuvenís 3.0** tamén dá visibilidade ás actuacións xeradas polo propio centro coma certames, concursos ou viaxes, e todas elas poden ser exemplos de boas prácticas a seguir por outros centros ou entidades xuvenís.

## Centro Coordinador de Información Xuvenil

Mercores, 23 Decembro 2015 11:03



O **Centro Coordinador de Información Xuvenil** é o responsable de coordinar as oficinas locais de información xuvenil de Galicia e os Espazos xove que pertencen a *Rede Galega de información xuvenil* e atende directamente a mocidade, ben persoalmente, ben por teléfono ou correo electrónico.

EN PORTADA

## Concurso de deseño do Cartel do Programa Xuventude Crea 2016

Luns, 28 Decembro 2015 08:34

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con motivo do programa **Xuventude Crea 2016**, convoca un concurso co fin de elaborar o cartel do dito programa.



**xuventude.net** TEMA

**Concurso do cartel de Xuventude Crea 2016**

### PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas de entre 18 a 30 anos, ambas inclusive, e residentes en Galicia, agás o/a gañador/a do premio na edición do ano anterior.

### TEMA

O tema e a técnica serán libres. As obras deben incluír obrigatoriamente o texto “**Programa Xuventude Crea 2016**” así como as especialidades que o compoñen: artes plásticas, banda deseñada, coñia, deseño de xoias, fotografía, graffiti, moda, música, relato breve, poesía, teatro e videocreación.

Admitiranse traballos realizados tanto de forma individual como en grupo.

## CONDICIÓNS

Cada autor/a ou autores/as poderán participar con dúas (2) obras orixinais, inéditas e en galego.

A obra premiada pasará a ser propiedade da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, que adquirirá sobre esta o dereito pleno á súa utilización, reprodución e difusión.

A citada dirección xeral queda facultada para introducir algunha modificación na obra premiada se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

O cartel gañador será a imaxe do **Programa Xuventude Crea 2016** e poderá ser utilizado parcial ou totalmente para o seu deseño, páxina web ou calquera outra iniciativa que considere a organización.

## DOCUMENTACIÓN

As obras presentaranse en formato vertical cunhas dimensións de 50x70 cm, montadas en superficie ríxida (cartón pluma) que facilite a súa manipulación, e deberán estar feitas en formato dixital para poder facer as modificacións que a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* considere oportunas. En ningún caso poden levar nin o nome nin a sinatura.

Os/as artistas poderán confeccionar as súas obras con liberdade de procedemento e cor.

Todas as obras irán acompañadas dos seguintes documentos:

- Solicitud de inscripción debidamente cuberta.
- Ao dorso de cada obra figurará un lema ou pseudónimo que servirá para preservar a identidade do/a artista ata o fallo do xurado. Este lema ou pseudónimo aparecerá, en letras maiúsculas, no exterior dun sobre pechado aparte, sen facer alusión ningunha que permita identificar ao autor/a, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.
- Dentro do sobre pechado irán os datos do/a artista: nome, apelidos, fotocopia do DNI, idade, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono de contacto, ficha explicativa e CD da obra e unha declaración asinada indicando que o traballo é orixinal e inédito.

Se se apreciasen defectos ou falta de documentación por parte da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, requirirase á persoa solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición.

## LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

O prazo de admisión das obras rematará o día **29 de febreiro de 2016** e poderanse enviar por correo postal a:

**Concurso deseño do cartel programa Xuventude Crea 2016**

Consellería de Política Social  
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado  
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3º  
15781 Santiago de Compostela

Igualmente admitirase a entrega da documentación en calquera rexistro, en horario de 9:00 h a 14:00 h, presentando a solicitude de inscrición para o seu posterior selo de entrada.

Calquera información sobre o concurso ou solicitude de presentación a este, pode obterse mediante contacto coa *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* nos teléfonos 981 541 689, 981 545 702 e 981 545 937.

A *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* porá o máximo coidado nas obras recibidas, pero declina toda responsabilidade de perdas, roturas, roubos, furtos ou danos nas obras por razón de forza maior ou calquera outra causa allea á súa vontade, tanto nos actos de recepción e devolución como durante o tempo que estean baixo a súa custodia.

Unha vez recibidas as propostas e pechado o prazo de admisión, procederase á súa valoración por un xurado responsable de resolver o concurso.

## XURADO

A composición do xurado farase pública na páxina web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* <http://xuventude.xunta.es>

O fallo difundirase mediante unha nota na citada web e por teléfono a partir do día seguinte do fallo do concurso.

## PREMIO

O/a autor/es/as da obra gañadora recibirá un único premio de 500 euros. Esta cantidade estará suxeita á lexislación vixente, aplicándose sobre a dita cantidade as retencións legalmente establecidas.

A entrega do premio farase mediante transferencia bancaria ao número de conta que facilite o gañador/a.

## FALLO

Antes do fallo do xurado, a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* poderá levar a cabo unha exposición dos traballos presentados.

O fallo do xurado será inapelable e poderá ser declarado deserto se así o considera este.

## DEVOLUCIÓNS

Para a devolución das obras non premiadas existirán dous procedementos para ser retiradas:

1. persoalmente polo seu autor/es/as ou

2. mediante delegación, por escrito, noutra persoa no lugar onde foron entregadas, no prazo de 30 días que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do/a gañador/a na web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

As obras non premiadas que non foran retiradas polas persoas interesadas no prazo establecido, pasarán á libre disposición da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

A participación neste concurso implica de forma automática a plena e total aceptación, sen reservas, das presentes bases.

Máis información en: [roteiros.ctb@xunta.es](mailto:roteiros.ctb@xunta.es)

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso de Director/a de actividades de tempo libre en Vigo

Luns, 28 Decembro 2015 09:25



A **Escola de Tempo Libre Xaruma** organiza un curso de Director/a de actividades de tempo libre en Vigo.

**Lugar:** Local Xaruma. R/Sanjurjo Badía 79. Vigo.

**Datas:** do 20 de febreiro ao 24 de abril de 2016.

**Horario:** de 10 h. a 14 h. e de 16 h. a 20 h.

Máis información na **Escola de Tempo Libre Xaruma**, teléfono 698 142 158 e 986 127 949. <http://www.xaruma.org/>

## Cursos de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo

Luns, 28 Decembro 2015 09:35

A **Escola de Tempo Libre Bugallo** organiza dous cursos de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo



**Lugar:** R/San Roque 4, baixo. Lugo

**Datas:**

**1º Curso:** do 18 de xaneiro ao 11 de marzo de 2016

**2º Curso:** do 28 de marzo ao 20 de maio de 2016

Máis información na **Escola de Tempo Libre Bugallo**, teléfono 982 804 773.

<http://www.rebuldeiro.info/BugalloWeb/>

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

## Subvencións de creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego

Luns, 28 Decembro 2015 10:43



A *Axencia galega de industrias culturais, Agadic*, convoca **subvencións para fomentar a creación de obras audiovisuais** con decidida vocación artística e cultural e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes a cargo de creadores individuais ou a realización de longametraxes a cargo de empresas individuais ou produtoras

**Modalidades de proxectos:**

**Modalidade A.** Subvencións á escrita individual de guión en galego. Subvencións para proxectos de guión de obras orixinais ou adaptación de obras literarias para longametraxes cinematográficas. A contía adjudicada por proxecto será de 5.000 euros.

**Modalidade B.** Subvencións para a realización de proxectos de curtametraxes gravadas en versión orixinal galega cunha duración inferior a 30 minutos. As subvencións terán unha contía de 6.000 euros.

**Modalidade C.** Subvencións a proxectos de longametraxes cinematográficas en versión orixinal galega, cunha duración igual ou superior aos 60 minutos e que contén un realizador que non teña dirixido ou codirixido máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica. As subvencións terán unha contía de 30.000 euros.


O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de xaneiro de 2016**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **CT207E**.

Máis información no DOG do 28 de decembro de 2015 e en <http://www.agadic.gal/>

## Premios da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Luns, 28 Decembro 2015 10:53



A **Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)** convoca os seguintes premios:

**XXIII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais**

**IX Manuel María de literatura dramática infantil**

### XII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques

Poderán optar aos premios persoas que presenten textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados anteriormente noutros concursos ou convocatorias.

Os textos deberán ser presentados por sextuplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A-4, paxinados e grampados ou encadernados.

Na portada de cada unha das copias indicárase unicamente o título e/ou lema e o premio a que optan e no caso do Barriga Verde, especificando, ademais, a modalidade (rapaces ou adultos).

Nos textos non poderá figurar ningún dato que poida identificar o participante e romper o anonimato.

#### Premios:

- *Álvaro Cunqueiro*: 6.000 €.

- *Manuel María*: 6.000 €.

- *Barriga Verde (modalidade infantil)*: 6.000 €.

- *Barriga Verde (modalidade para adultos)*: 6.000 €.

O período de admisión estará aberto ata o **31 de maio de 2016**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **CT214A**

Máis información no DOG do 28 de decembro de 2015 e en <http://www.agadic.info/>

## NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PUBLICO

### Conductor/a de máquina rozadora. Concello de Toen (Ourense)

Martes, 22 Decembro 2015 08:12

**Modalidade de contratación:** contrato laboral temporal por obra/servizo determinado a tempo completo.

**Duración do contrato:** 11 meses.

**Sistema de selección:** concurso de méritos.

**Bases da convocatoria:** poderanse obter nas oficinas municipais e no apartado de emprego público da sede electrónica municipal <http://concellodetoen.sedelectronica.es>

**Prazo de presentación de solicitudes:** 7 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro do Concello de Toén, rúa Ribadela, 1, Toén, en horario de 8.30 h a 14.30 h, ou por calquera outro medio admitido en Dereito.

**Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm.293, do martes 22 de decembro de 2015**

<https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=293&fecha=20151222>

### Administrativo/a en Porto do Son

Luns, 28 Decembro 2015 11:28

O **Concello de Porto do Son** necesita contratar **un/ha administrativo/a**.

**Requisitos:** estar en posesión do título de bacharel, formación profesional de segundo grao, equivalente ou superior.

O prazo para presentar solicitudes estará baeto ata o **8 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 28 de decembro de 2015 e na OMIX de Porto do Son, teléfono 981 767 589.

[www.portodoson.org](http://www.portodoson.org)

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PRIVADO

## Camareiro/a de sala Activa

Martes, 22 Decembro 2015 12:48

Nº de postos: 1

Localidade: O Pino

**Requisitos:** Experiencia mínima de 3 anos como camareiro/a de sala. Imprescible bo nivel de inglés.

Incorporación inmediata.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1646/camareiroa-de-sala>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**